

Os traballos que prestan servizos

Hai traballos que non obteñen materias primas nin fabrican produtos elaborados, senón que dan un **servizo** ou unha axuda a outras persoas.



A mecánica amaña os coches.



A dentista coida os nosos dentes.



O profesor ensínalles a bailar aos seus alumnos e alumnas.

O comercio

O **comercio** é un servizo moi importante.

Nos comercios, os dependentes e as dependentas venden aos clientes os produtos que necesitan.

Hai diferentes tipos de comercios.



A **tenda** é un comercio pequeno. Moitas tendas só venden un tipo de produto, como flores.



O **supermercado** é grande e vende distintos tipos de produtos, como alimentos e artigos de limpeza.



O **centro comercial** é un edificio enorme con moitas tendas. Tamén adoita ter restaurantes e cines.

- 1** Sinala cun X as casas que corresponden ás distintas actividades produtivas.

	Industria automobilística	Taller de carpintería	Industria alimentaria	Olería
Traballan operarios.				
Traballan artesáns.				
Utilízanse máquinas sinxelas.				
Utilízanse máquinas complexas.				
Trabállase nun taller.				
Trabállase nunha fábrica.				

- 2** Escribe o nome do profesional ao que acudirías en cada caso.

- Se che doen as moas. →
- Se se che rompe a billa da cociña. →
- Se queres pintar a túa casa.
- Se queres cortar o pelo. →

- 3** Rodea segundo o código de cor.

Obteñen produtos da natureza. → verde

Prestan servizos. → azul

mestre

mineiro

taxista

repcionista

gandeiro


médico

administrativo

agricultor

1 Escribe cada profesión onde corresponda.

pescador - mineiro - peiteador



2 Señala as medidas aconsellables para evitar accidentes no traballo.

- Empregar as ferramentas e os materiais adecuados para cada actividade.
- Utilizar substancias perigosas.
- Traballar cando queiras.
- Coñecer e respectar os sinais que avisan de riscos ou perigos.
- Poñer moita atención ao que se fai.

3 Escribe ao lado de cada resto do pasado a letra que lle corresponda.

A. Garda coleccións de obxectos de épocas pasadas.

B. Son os restos dunha construción antiga.

C. Recórdanos un acontecemento do pasado.

Ruínas

Monumento

Museo